

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra, dictou a seguinte RESOLUCION:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. Gerardo Zugasti Enrique.

VICEPRESIDENTE

D. José Juan Barreiro Prado.

VOCAIS

D. Fernando Saénz de Miera y Cuesta.

D. Luis M<sup>a</sup> Muñíos Vidueira.

D. Serafín Quinteiro Blanco.

VOCAIS REPRESENTANTES DA

COMUNIDADE VECIÑAL DO BARRIO

AREN.PARROQUIA SAMIEIRA POIO.

D. Manuel Gómez Torres.

D. Juan J. Freijeiro Rodiño.

SECRETARÍA

D. Ramona C. Fernández Alvarez.

Na cidade de Pontevedra, sendo sendo as dezasete horas do día oito de xuño de mil novecentos noventa e tres, nos locais da Delegación Provincial da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, previa citación ó efecto reúnese o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común coa asistencia das persoas a marxe relacionadañ ó obxecto de decidir sobre a Clasificación dos montes "CORTIZADAS E REMESIO", do barrio de Arén, parroquia de Samieira, Concello de Poio.

PRIMEIRO.- O Xurado Provincial en sesión celebrada o día 30 de novembro de de 1990, acordou abri-lo expediente para a Clasificación como veciñais en man común os montes "Cortizadas " e "REMESIO", sitios no barrio de Arén ,parroquia de Samieira Concello de Poio

No expediente de Clasificación cumpríronse as prescripcíons establecidas na Ley de Montes Veciñais en Man Común e no seu Regulamento, facendo as correspondentes publicacións no Boletín

Oficial da Provincia e solicitandose a preceptiva anotación preventiva do Rexistro da Propiedade.

No periodo de alegación o Concello de Poio dase por enterado da iniciación dos trámites de Clasificación sen mostrar oposición, e o Rexistro da Propiedade non acusa recibo da solicitude da práctica da anotación preventiva solicitada, non existindo oposición a Clasificación dos referidos montes nin por particulares nin por ningunha entidade de carácter público.

SEGUNDO.- Os montes obxecto do expediente corresponden a seguinte descripción:

NO ME DO MONTE: CORTIZADAS.

CABIDA: 7 Has.

LIMITES

Norte.- Fincas particulares e camiño.

Sur.- Estrada a Meaño e fincas particulares.

Leste.- Camiño novo e fincas particulares.

Oeste.- Fincas particulares e camiño.

NO ME DO MONTE : REMESIO

CABIDA: 5 Has.

LIMITES

Norte.- Fincas particulares propiedade de D. Elsa Gomez e Sara Gomez.

Sur.- Fincas particulares propiedade de D. Dolores Burgos e outros.

Leste.- Fincas particulares propiedade de D. Evaristo Vallejo e outros.

Oeste.- Fincas particulares propiedade de D. Camilo Caliñanes e outros.

As fincas particulares que constituen os lindeiros dos montes "CORTIZADAS E REMESIO", están todas elas cercadas por muros de

pedra.


### FUNDAMENTOS DE DEREITO

Do escrito de solicitude inicial (que por certo data do ano 1981) e do resto da documentación obrante no expediente, claramente resulta que os montes reseñados formaban parte do denominado "Vacariza" do lugar de Arén, e polas causas que se descoñecen non foron incluídos cando se clasificou dito monte. Así resulta tanto dos documentos históricos aportados ó expediente como do informe emitido polo Servicio Forestal e a carpeta-ficha que figuran naquél.

Non existe pois dúbida acerca do carácter veciñal dos referidos montes, se ben existe indefinición en canto ós lindeiros polo que respecta as fincas particulares, salvando a mesma cos nomes dos propietarios das fincas colindantes, todas elas circundadas por muros de pedra, como únicos datos que permiten a súa identificación, polo que o Xurado Provincial por Unanimidade Acorda:

Clasificar como Montes Veciñais en Man Común os denominados "CORTIZADAS E REMESIO", do barrio de Arén, Parroquia de Samieira, Concello de Poio coa superficies e lindes que para cada un deles se recollen na presente Resolución, por considerar que reúnen os requisitos contidos no artigo 1º da Ley 13/1989 do 10 de outubro de Montes Veciñais en Man común así como o mesmo artigo do Decreto 260/92 do 4 de setembro polo que se aproba o Regulamento para a execución da devandita Lei, en canto veñense aproveitando consuetudinariamente sen asignación de cuotas en reximen de comunidade polos membros daquela, isto é o lugar de Arén da Parroquia de Samieira.

Contra a presente Resolución poderá interpoñerse Recurso Contencioso-Administrativo no prazo de **DOUS MESES** dende a sua notificación, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 58 da Lei reguladora da antedita xurisdicción en relación co artigo 12 da Lei de Montes Veciñais en Man Común e o artigo 28 do seu Regulamento, modificados ambos dous preceptos legais pola Lei 30/1992 de 26 de novembro, de réximen xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.




Término de Meis

Término de Meaño

Tº de Sangenjo

RIA DE PONTEVEDRA



trazo del Grove a Pontevedra